

## CONSULTAS INDIVIDUAIS 2010

### **¿Cómo se solicitan as consultas individuais?**

As consultas terán que solicitarse por escrito a través da Ficha de consultas individuais (que se pode encontrar na páxina web de Fademga, [www.fademga.org](http://www.fademga.org))

As familias interesadas terán que presentar esta ficha a través da súa entidade, cubrindo tódolos apartados. A ficha achegarase a FADEMGA FEAPS GALICIA:

- a) Por correo electrónico á dirección [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org)
- b) Por fax a través do número 981 51 96 51
- c) Por correo postal á dirección: Vía Pasteur, 53, A. Polígono do Tambre. 15890. Santiago de Compostela.

### **¿Con qué perioricidade se atenderán as consultas?**

A perioricidade das consultas é mensual, o último xoves de cada mes, agás o de decembro. As consultas que cheguen á Federación remitiranse á avogada responsable do servizo de forma periódica, e responderanse por teléfono, por escrito ou ben a través dunha entrevista persoal.

### **¿Cando se poden remitir as consultas?**

En calquera momento. Cando as solicitudes sexan para entrevista persoal deberán estar na Federación como mínimo 3 días antes da data solicitada para a consulta.

### **¿ Cómo serán atendidas as consultas e onde?**

As consultas atenderanse por orde de chegada, agás nos casos que se consideren de extrema urgencia, polo motivo e a temporalidade da consulta.

Aquelas persoas que precisen dunha entrevista persoal coa avogada, deberán indicalo na *ficha de solicitude de consultas individuais*. Terán que solicitala para algunha das datas que figuran abaixo e agardando a confirmación por parte da Federación, do día, lugar e hora á que deben acudir ao servizo.

**MOI IMPORTANTE:** a persoa que solicite entrevista persoal e non acuda á cita, sen motivo xustificado, deberá abonar á Federación 42,50 euros, que é o custe medio por consulta. As entidades terán que abonar dito importe no caso de que a persoa sexa derivada por elas.

## **DATAS E PROVINCIAS DE ATENCIÓN DAS ENTREVISTAS INDIVIDUAIS DO ANO 2010**

O horario de atención para as entrevistas será de 16:00 horas a 19:00 horas, nas datas que figuran a continuación:

<b>DATA DO SERVIZO</b>	<b>PROVINCIA</b>
<i>28 de XANEIRO</i>	<b>A CORUÑA</b>
<i>25 de FEBREIRO</i>	<b>PONTEVEDRA</b>
<i>25 de MARZO</i>	<b>OURENSE</b>
<i>29 de ABRIL</i>	<b>LUGO</b>
<i>27 de MAIO</i>	<b>A CORUÑA</b>
<i>24 de XUÑO</i>	<b>PONTEVEDRA</b>
<i>29 de XULLO</i>	<b>OURENSE</b>
<i>26 de AGOSTO</i>	<b>LUGO</b>
<i>30 de SETEMBRO</i>	<b>A CORUÑA</b>
<i>28 de OUTUBRO</i>	<b>PONTEVEDRA</b>
<i>25 de NOVENBRO</i>	<b>OURENSE</b>
<i>16 de DECEMBRO</i>	<b>LUGO</b>

### **ACLARACIÓN:**

O que se pretende coas datas pechadas é organizar o servizo e garantir a disposición da avogada un día ao mes.

Este horario podería sufrir algunha variación, que se comunicaría as asociacións. En función das solicitudes recibidas intentaremos adecuar os lugares de celebración das entrevistas.